

Lugo

Os escritores galegos homenaxeán a Paco Martín en Lugo

Paco Martín recibirá este sábado en Lugo, a súa localidade natal, a homenaxe *O escritor na súa terra*, unha iniciativa impulsada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). Así o decidiu a Asemblea de Socios e Socias desta entidade, que leva 16 anos realizando este tipo de homenaxes anuais para "honrar" a escritores galegos dentro do ámbito da súa localidade natal.

Os actos iniciaranse o sábado ás 11.30 horas na Avenida Ramón Ferreiro, coa plantación dunha árbore simbólica para o autor, que escolleu un carballo, e o descubrimento dun monólito conmemorativo.

Posteriormente, ás 12.30 horas, no Salón de Plenos do Concello de Lugo, a asociación fará entrega a este escritor da "Letra E" que converte a Paco Martín en Socio de Honra da AELG. Así mesmo, informarase da inauguración dunha biblioteca no barrio da Piringalla co nome de Paco Martín.